

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 27 DE OUTUBRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial OU-0553 Besteiros-Turzavella a prol do Concello da Peroxa.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio de 2010.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a adhesión do Concello de Cabanas (A Coruña) á Axencia de Protección de Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Vilamartiño (concellos da Baña, Val do Dubra e Santa Comba), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia, para o programa de Estabilización 2011, por un importe total de tres millóns seiscentos sete mil cincocentos cincuenta e dous euros con vinte céntimos (3.607.552,20€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba a modificación do Catálogo Priorizado de Produtos Farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Servizo Galego de Saúde para a realización do proxecto INNOVA-Saúde por un importe de corenta e cinco millóns, oitenta mil catrocentos cincuenta e cinco euros con setenta e un céntimos (45.080.455,71€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Servizo Galego de Saúde para a realización do proxecto HOSPITAL 2050 por un importe de corenta e cinco millóns cento cincuenta mil catrocentos cincuenta e dous euros con oitenta e seis céntimos (45.150.452, 86€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a declaración de ben de interese cultural (B.I.C.) do Convento de Santo Antonio de Herbón.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA ESTRADA PROVINCIAL BESTEIROS-TURZAVELLA (OU-553) A PROL DO CONCELLO DA PEROXA

- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinala que a necesidade de cesión deste tramo se dá porque a vía adquiriu as características de treito urbano***
- ***A entrega formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***O Concello da Peroxa, a partir da formalización da entrega, deberá ser responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o cambio de titularidade da estrada provincial Besteiros-Turzavella (OU-553), a prol do Concello da Peroxa.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinala que a necesidade de cesión deste tramo se dá porque a vía adquiriu as características de treito urbano.

A Dirección Xeral de Infraestruturas analizou e considerou adecuado o cambio de titularidade deste treito e de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, a transferencia da titularidade.

A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

O Concello da Peroxa, a partir da formalización da entrega, deberá ser responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén se ocupará do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

O Decreto 308/2003 prevé a posibilidade do cambio de titularidade de estradas a prol dos concellos, con especial referencia a aquelas susceptibles de ser transferidas por non dar continuidade a itinerarios ou ser treitos de estradas en que se fixeron variantes de trazado.

Así mesmo, no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

APROBADO O DECRETO QUE ESTABLECE AS TARIFAS DOS SERVIZOS SANITARIOS PRESTADOS NOS CENTROS DEPENDENTES DO SERGAS A PACIENTES QUE NON SEXAN BENEFICIARIOS DA SEGURIDADE SOCIAL

- ***Así como naqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas institucións sanitarias públicas, a pacientes que non sexan beneficiarios da Seguridade Social, así como naqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento que deba asumir o gasto sanitario. Con carácter xeral, as tarifas actualízanse unha vez ao ano, o que dá lugar á aprobación dun decreto con este carácter temporal.

Os servizos públicos de saúde deben reclamar aos terceiros obrigados ao pago o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos e a rehabilitación.

Considéranse terceiros obrigados ao pagamento nos supostos de asistencia sanitaria prestada aos asegurados ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social pertencentes á mutualidade xeral de funcionarios civís do Estado, Mutualidade Xeral Xudicial ou Instituto de Forzas Armadas, asistencia sanitaria prestada aos asegurados ou beneficiarios nos supostos de empresas colaboradoras na asistencia sanitaria do Sistema de Seguridade Social, asistencia sanitaria prestada nos supostos de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais a cargo das mutuas de accidentes de traballo, seguros obrigatorios (de deportistas federados e profesionais, de vehículos de motor, de caza, de viaxeiros e seguro escolar), convenios ou concertos con outros organismos e entidades, e cidadáns estranxeiros nos supostos previstos expresamente.

Tamén están obrigados ao pagamento os accidentes acaecidos con ocasión de eventos festivos, actividades recreativas e espectáculos públicos no caso de que se subscribise contrato de seguro de accidentes ou responsabilidade civil, seguro escolar e calquera outro suposto en que, en virtude de normas legais ou regulamentarias, o importe das atencións ou prestacións sanitarias deba ser a cargo das entidades a terceiros correspondentes.

A XUNTA DE GALICIA PECHOU O ANO 2010 CUMPRINDO DE NOVO O OBJECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

- ***A Comunidade galega rematou o pasado exercicio cun déficit do 2,38% do PIB, por debaixo do límite do 2,4%***
- ***Galicia é, xunto con Madrid, a única autonomía que cumpriu o obxectivo de estabilidade orzamentaria tanto en 2009 como en 2010***
- ***O Executivo autonómico enviará a Conta Xeral do ano pasado ao Parlamento e ao Consello de Contas***

A Xunta de Galicia foi unha das poucas comunidades autónomas que cumpriu no ano 2010 o obxectivo previsto de estabilidade orzamentaria fixado no 2,4% do PIB, tal e como xa se avanzara no informe preliminar presentado ao Consello da Xunta en marzo deste ano.

En concreto, a Comunidade galega rematou o pasado exercicio cun déficit do 2,38% do PIB autonómico, por debaixo do límite fixado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), no 2,4% do PIB.

Desta forma, Galicia foi, xunto con Madrid, a única comunidade autónoma que logrou cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria establecido polo CPFF tanto no ano 2009 como no pasado exercicio 2010.

Con base nos datos provisionais de 31 de decembro de 2010, a Consellería de Facenda xa puxera de manifesto daquela que a Comunidade galega se axustaría de novo o obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto para ese exercicio.

Así se desprende da Conta Xeral correspondente ao pasado ano, presentada hoxe pola conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, na reunión semanal do Executivo galego, na cal se sinala que Galicia rematou o exercicio 2010 cun déficit de 1.324 millóns de euros en termos de contabilidade nacional, dentro dos parámetros fixados polo CPFF.

A Conta Xeral, logo do acordo do Consello da Xunta de Galicia, será remitida ao Parlamento e ao Consello de Contas.

O CONCELLO DE CABANAS CEDE AS SÚAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- ***O municipio delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística dos solos rústico e urbanizable así como nos núcleos rurais***
- ***Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o concello***
- ***Con esta adhesión serían 55 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, o que supón unha superficie de máis de 3.900 km² e un beneficio para case de 250.000 habitantes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello Cabanas. En virtude deste acordo, o municipio de Cabanas delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen se axustar ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgúnhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Ingresos compartidos

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos

emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o concello debe prestar a cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como tanta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

Concellos adheridos á APLU

Con esta nova adhesión serían 55 os convenios autorizados polo Consello da Xunta. Con isto, a APLU xestiona actualmente máis de 3.900 quilómetros cadrados de superficie correspondentes aos municipios adheridos: 16 na Coruña, 8 en Lugo, 20 en Ourense e 11 en Pontevedra, o que supón case de 250.000 habitantes.

Concello	Poboación	Territorio (quilómetros²)
A CORUÑA		
A BAÑA	4528	98
A CAPELA	1439	58
ARES	5628	18,3
ARZÚA	6484	155,4
BOIMORTO	2348	82,4
CABANAS	3105	30
CARIÑO	4617	46,8
CEDEIRA	7511	85,4
DODRO	3024	36,1
LOUSAME	3702	93,6
MIÑO	5628	33
MUGARDOS	5605	12,8
OROSO	6804	72,1
PORTO DO SON	9867	94,6
TOQUES	1416	77,9
VAL DO DUBRA	4481	108,7



LUGO		
BECERREÁ	3276	172,1
BEGONTE	3538	126,8
CASTROVERDE	3110	174,2
LOURENZÁ	2569	62,6
O SAVIÑO	4570	196,6
RIBEIRA DE PIQUÍN	723	73
TRABADA	1436	82,7
O VALADOURO	2209	110,5
OURENSE		
AMOEIRO	2318	39,7
CARBALLEDA DE AVIA	1607	47
CASTRELO DE MIÑO	1981	39,7
CASTRELO DO VAL	1240	122
CORTEGADA	1367	26,9
ENTRIMO	1406	84,5
GOMESENDE	1048	28,3
MACEDA	3153	102
MASIDE	3087	40
O BARCO DE VALDEORRAS	14040	85,7
PADERNE DE ALLARIZ	1597	38,8
PARADA DE SIL	729	62,4
PETÍN	1042	30,5
PIÑOR	1430	52,7
SAN AMARO	1335	28,9
TABOADELA	1690	25,2
VERÍN	14237	94,1
VILAMARÍN	2254	56,1
VILARDEVÓS	2382	152,1
PUNXÍN	861	17,1
PONTEVEDRA		



A GUARDA	10404	20,5
CUNTIS	5172	79,8
MEAÑO	5475	27,8
MORAÑA	4349	41,3
NIGRÁN	17869	34,8
OIA	3192	83,3
PONTECESURES	3116	6,7
VILABOA	5935	36,9
FORCAREI	4108	168,4
CALDAS DE REIS	10036	68,2
PONTEAREAS	23316	125,6
TOTAL	249.385	3.932,5

A XUNTA DÁ UN NOVO PASO NA IMPLANTACIÓN DE ENERXÍAS RENOVABLES COA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EÓLICO DE VILAMARTIÑO

- ***Neste parque, situado nos concellos coruñeses da Baña, Val do Dubra e Santa Comba, instalaranse 15 aeroxeradores cunha potencia total de 30 MW***
- ***O orzamento estimado deste proxecto é de máis de 23 millóns de euros e unha vez en funcionamento xerará 61.500 euros anuais en concepto de canon eólico***
- ***O Goberno galego avanza na recuperación do liderado eólico da comunidade, co obxectivo de contar con 6.500 megavatios de potencia eólica autorizada en 2012***

O Consello da Xunta de Galicia deu a súa aprobación definitiva ao proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Eólico Vilamartiño, o que supón o último paso na tramitación autonómica deste parque, que se situará nos concellos coruñeses da Baña, Val do Dubra e Santa Comba.

O orzamento estimado deste proxecto é de máis de 23 millóns de euros, que executará a empresa promotora. No Parque Eólico Vilamartiño instalaranse 15 aeroxeradores cunha potencia total de 30 MW, e unha vez posto en marcha permitirá a recadación de 61.500 euros anuais en concepto de canon eólico.

A Consellería de Economía e Industria, que está a dinamizar todas as tramitacións e iniciativas relativas á industria eólica, ten en marcha o Plan Re-Forza, ao abeiro do cal se desenvolveu un concurso eólico que se está a converter no maior plan industrial de Galicia.

Con este novo paso o Goberno galego, que traballa co obxectivo de que en 2012 estean autorizados na nosa comunidade un total de 6.500 megavatios de potencia eólica, avanza na implantación de enerxías renovables e na recuperación do liderado eólico da comunidade autónoma.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ACHEGA 3,6 MILLÓNS DE EUROS PARA IMPULSAR A ESTABILIZACIÓN DE 28 INVESTIGADORES NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- *Educación dá axudas ás universidades para a totalidade do persoal que estabilizaron entre xaneiro de 2010 e xuño de 2011*
- *O departamento educativo da Xunta de Galicia dá mostra así do seu apoio á I+D+i e á renovación xeracional de persoal docente investigador*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria achegará máis de 3,6 millóns de euros para financiar a contratación de 28 investigadores nas tres universidades galegas, co fin de incentivar a incorporación estable nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) de novo persoal docente con perfil marcadamente investigador.

Con esta iniciativa, á que deu hoxe o visto e prace o Consello da Xunta, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad amosa unha vez máis o seu firme apoio á estabilización do persoal docente investigador, o que contribúe á renovación xeracional. A contratación destes investigadores supón ademais un avance a prol da calidade do SUG, no marco dos obxectivos do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) 2011-2015.

De feito, o devandito plan recolle no seu Reto 1 a Captación, Formación e Retención de Talento, estratexia desenvolvida no Eixe estratéxico 1 'Xestión do Talento', co fin de captar e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento. Desta forma, a Consellería de Educación considera que son precisamente os investigadores de excelencia científica formados nas universidades galegas os mellores recursos humanos para facer avanzar o sistema galego de I+D+i.

Son en total 28 os investigadores cuxos contratos se financian, por un período de 3 anos, a través dun convenio asinado coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Vigo (UVigo). Os postos de traballo acollidos a este convenio son todos aqueles nos cales tanto a data de contrato ou nomeamento, como as de incorporación efectiva están comprendidas entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 30 de xuño de 2011, e que finalizaron o seu quinto ano do contrato do Programa Parga Pondal e contan coa acreditación Manuel Colmeiro.

Con esta iniciativa a Xunta de Galicia aposta de novo pola construción dunha universidade galega que sexa o motor dunha Galicia do futuro, que deberá estar baseada no coñecemento, a investigación e a innovación.

GALICIA ACTUALIZA O CATÁLOGO PRIORIZADO DE PRODUTOS FARMACÉUTICOS CONFORME OS NOVOS PREZOS MENORES, O QUE SUPORÁ UN AFORRO ADICIONAL DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS MENSUAIS NA FACTURA FARMACÉUTICA

O gasto farmacéutico é un dos principais compoñentes do gasto sanitario e un dos que máis comprometen a sustentabilidade futura dos sistemas sanitarios. O Goberno galego non é alleo a esta situación, polo que incorporou, desde o comezo da lexislatura, medidas co obxectivo último de racionalizar o gasto farmacéutico na Comunidade Autónoma sen reducir a calidade e a equidade da prestación farmacéutica que recibe a cidadanía.

Nesta liña, o Parlamento de Galicia aprobou o 21 de decembro de 2010 a Lei de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxecto desta lei é establecer as medidas de racionalización do uso de medicamentos e produtos sanitarios no ámbito do Servizo Galego de Saúde mediante a implantación dun Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos.

O dito catálogo prioriza dentro dos grupos de medicamentos que posúen a mesma eficacia, seguridade e calidade, e que son intercambiabes entre si, aqueles que responden ao prezo menor establecido polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade. Non obstante, a prestación farmacéutica de Galicia garante o financiamento público de todos os principios activos incluídos no Nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos.

As modificacións do Catálogo son aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia cunha periodicidade mínima bimestral, ou cando haxa modificación dos prezos menores establecidos polo ministerio.

Así, unha vez máis, realízase unha actualización do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia conforme os novos prezos menores, e procédese a ampliálo, pasando a ter agora 418 principios activos.

Esta actualización e ampliación do Catálogo vai supoñer un aforro adicional de 3,5 millóns de euros mensuais na factura farmacéutica, que permitirán investir noutros ámbitos da sanidade e facilitarán a sustentabilidade do sistema sanitario galego.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A SINATURA DE DOUS CONVENIOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE INNOVACIÓN SANITARIA

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe deu luz verde á sinatura de dous convenios entre o Servizo Galego de Saúde e o Ministerio de Ciencia e Innovación, para poñer en marcha dous proxectos de innovación (INNOVA-Saúde e HOSPITAL 2050), que suporán un investimento por parte da Administración sanitaria galega de algo máis de 90 millóns de euros nos próximos catro anos, convertendo o sector sanitario nun motor de desenvolvemento socioeconómico. Os proxectos cofinanciaranse con 63 millóns de euros do Fondo Tecnolóxico (FEDER) que corresponde a Galicia.

A iniciativa INNOVA-Saúde promoverá a realización de 14 proxectos de innovación en prestación de servizos asistenciais á vez que se facilita o desenvolvemento de negocio innovador arredor do sector sanitario en Galicia. O obxectivo é transformar o modelo de asistencia sanitaria actual cara a outro centrado no paciente, e que dea resposta ás súas necesidades.

O proxecto ten como resultados finais a definición dun novo modelo de hospitalización e tratamento dos procesos agudos, deseñada desde o concepto de continuidade asistencial cun paradigma de asistencia pensada no usuario, fronte ao modelo tradicional de atención a agudos vinculada a infraestruturas físicas. Á finalización do proxecto INNOVA-Saúde disporase da demostración de como serán as prestacións que realicen os servizos de saúde do século XXI.

Pola súa banda, o Proxecto de Innovación HOSPITAL 2050 engloba o deseño e planificación de varias iniciativas encamiñadas a desenvolver un hospital do futuro eficiente, seguro, respectuoso co ambiente e adaptado ás novas tecnoloxías, e, sobre todo, centrado nos pacientes, polo que terá que ser considerado estratéxico e clave para a sociedade.

O proxecto posibilitará tamén que o factor empresarial desenvolva e implemente novas solucións tecnolóxicas non só para resolver problemas do sistema sanitario galego senón tamén para levar a cabo novos produtos e servizos cos que competir no mercado sanitario mundial.

O resultado final deste proxecto é a demostración a escala das instalacións do hospital de futuro que se realizará fisicamente nunha nova área de innovación que se construírá dentro dun complexo hospitalario pertencente ao Sergas.

A XUNTA APROBA A INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN COMO BEN DE INTERESE CULTURAL DO CONVENTO FRANCISCANO DE SANTO ANTONIO DE HERBÓN, EN PADRÓN

- ***A Consellería de Cultura e Turismo informou ao Consello da Xunta desta resolución, que determina para o convento e o seu contorno a aplicación inmediata e provisional do máximo réxime de protección previsto na Lei de patrimonio cultural***
- ***O convento franciscano está situado na parroquia de Santa María de Herbón (Padrón) na denominada Agra de Longara, nunha paraxe de gran beleza natural ao carón do río Ulla, bordeado por un amplo conxunto de ladeiras empinadas cara o leste e oeste***

A Consellería de Cultura e Turismo informou ao Consello da Xunta da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se incoa o expediente para a declaración de ben de interese cultural, coa categoría de monumento, en favor do convento franciscano de Santo Antonio de Herbón, no concello coruñés de Padrón. A resolución, que será publicada nos próximos días no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*, será comunicada ao Ministerio de Cultura para a súa anotación preventiva no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural e notificada ao Concello de Padrón.

Coa incoación do expediente procederase á apertura dun período de información pública polo prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da derradeira publicación oficial da resolución, co fin de que cantos teñan interese poidan examinar o expediente e alegar o que consideren conveniente. A incoación deste expediente determina a aplicación inmediata e provisional do réxime de protección previsto para os bens xa declarados e, en concreto, a suspensión das correspondentes licenzas municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas pola declaración, así como dos efectos das xa outorgadas. As obras que, por causa de forza maior, interese xeral ou urxencia, tivesen que realizarse con carácter inaprazable precisarán, en todo caso, de autorización dos organismos competentes da Consellería de Cultura e Turismo

A Lei do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) ten como finalidade esencial protexer, conservar e difundir o legado que constitúe o patrimonio cultural de Galicia e transmitilo ao futuro. Este patrimonio, de acordo co seu artigo 1, constitúeno todo os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Deste xeito, o convento de Santo Antonio de Herbón, situado nunha paraxe de gran beleza natural á beira do río Ulla, podería chegar a adquirir a categoría de ben declarado de interese cultural polo gran valor que lle atribúe a súa propia evolución histórica nestes seiscentos anos de vida. Así mesmo, e atendendo á clasificación establecida na citada lei, tería a consideración de monumento ao se tratar dunha construción ou obra produto da actividade humana, de relevante interese histórico, con inclusión dos mobles, instalacións e accesorios que son parte integrante del, algúns deles destacables polo seu valor artístico, e que constitúe unha unidade singular.

Máis de cinco séculos de historia

O convento está situado na parroquia de Santa María de Herbón, na denominada Agra de Longara, nunha paraxe de gran beleza natural ao carón do río Ulla, bordeado por un amplo conxunto de ladeiras empinadas cara o leste e oeste. A orixe desta comunidade franciscana está relacionada co movemento eremítico dos oratorios franciscanos xurdido na provincia de Santiago a finais do século XIV. Os frades, Gonzalo Mariño e Pedro de Nemancos coñeceron que na freguesía de Santa María de Herbón había un terreo denominado Agra de Longara que reunía todos aqueles elementos que os eremitas anhelaban: soidade e retiro, bosque, auga en abundancia, espazo para horta, etc. Este terreo era propiedade do cabido de Iria Flavia que, o 26 de decembro de 1396, acordou doalo aos frades franciscanos para facer un oratorio seguindo a regula de San Francisco.

Neste predio, os freires levantaron no século XV un modesto convento do que apenas quedan restos, agás un pequeno e sinxelo capitel vexetal de labra ruda e debuxo moi sumario. Probablemente, este humilde inmobile constara dunha modesta igrexa coas características estilísticas do chamado gótico mendicante. Sería, polo tanto, unha casa que cara o ano 1450 contaría con sete freires, cunha igrexa pobre e separada dunha horta conventual con arboredo, predios e unha fonte. Xa por estes anos os freires quixeron delimitar as súas propiedades e, en 1491, obtiveron permiso para valala. Deste xeito, quedaban fixados os límites dunha horta intimamente ligada á vida retirada do convento que será, nos séculos XVII e XVIII, un dos valores principais desta casa de retiro, estudo e oración. Estes freires compaxinaron este estilo de vida co traballo a prol dos peregrinos que acudían a Padrón e visitaban o Hospital de Peregrinos desta vila.

A fábrica conventual de Santo Antonio de Herbón estaba formada por unha igrexa de finais do século XVII e primeiras décadas do XVIII, unha sancristía e un amplo edificio, que combinaba as funcións residencias coas de ensino, ademais dunha portería que facilitaba o acceso ao claustro de dúas plantas rodeado de varias dependencias. Cómpre destacar a torre campanario, que amosa unha arquitectura de corte popular con aspecto macizo rematado por un corpo de campás, cada un deles flanqueado por pilastras cun sobrio entaboamento decorado con bolas e remate en cúpula con pináculo.

Durante a Idade Moderna o convento sufriu moitas modificacións. A primeira foi o cambio da primitiva advocación do convento a San Francisco para denominarse, a partir do século XVI, de Santo Antonio de Herbón. Outros cambios viñeron dados polas doazóns territoriais recibidas en 1509 de Fernando Bermúdez de Castro e, xa no século XVIII, dos cóengos de Iria Flavia. Grazas a estas doazóns, o territorio do convento quedou tal e como hoxe o podemos contemplar.

Porén, a finais do século XVII esta igrexa gótica presentaba un avanzado estado de ruína. Ante esta circunstancia, foi totalmente substituída pola actual, a inicios do século XVIII, nun momento crucial para a historia deste inmobile, xa que en 1701 o convento adquiriu a categoría de colexio de misioneiros Propaganda Fide. Esta era unha fundación

tipicamente franciscana, con obxectivos de renovación relixiosa regular, vida pastoral intensa e vocación de servir as poboacións tanto de terras americanas como das veciñas Asturias, León e O Bierzo. Deste xeito, a comunidade creceu ata chegar a ter máis de trinta membros, o que fixo preciso agrandar o convento e a súa igrexa. As obras de ampliación, realizadas entre 1705 e 1722, supuxeron unha reconstrución case completa da súa fábrica. Outros espazos a ter en conta neste convento son o adro da entrada que precede á igrexa, onde se atopa unha sinxela imaxe de pedra de San Francisco. Destacan ademais o claustro co seu cruceiro; os espazos da planta baixa abertos ao patio; a sancristía barroca construída en 1730, considerada unha obra meritoria da arquitectura conventual galega, e o pavillón na honra do arcebispo Martín Herrera.

A imaxinaría conservada constitúe un capítulo sobranceiro da arte galega da segunda metade do XVIII, consta dun conxunto de pezas de extraordinario valor, a meirande parte delas froito do traballo de Xosé Gambino e Xosé Ferreiro, entre outros. Ademais, cómpre destacar todo o conxunto de retablos existente no templo, que amosan a importancia que adquiriu o convento no século XVIII, así como o cadeirado dos freires e o gran órgano. O conxunto complétase con outras pezas de gran valor, como o cadro da Virxe da Guadalupe, realizada en México ou en Quetarao cara a 1734.

Ademais da importancia histórica do inmovible froito da súa propia natureza, morfoloxía e devir histórico, cómpre mencionar que na horta conventual conviven espazos destinados á produción hortofrutícola con outros elementos ornamentais que inciden no valor ambiental ou paradisíaco do lugar. Neste ámbito destaca a célebre palmeira de Palestina que, segundo di a tradición, foi traída desde Xerusalén no século XV por un freire ou, segundo outros, polo trovador Xoán Rodríguez de Padrón. É salientable tamén o estanque, a fonte de San Francisco e a súa alternancia con xardíns, prados, viñedos e froiteiras cunha variada mostra de produtos procedentes dos máis variados lugares.

Criterios para a delimitación do contorno de protección

En relación coa situación do ben, a Dirección Xeral do Patrimonio ten en conta os seguintes valores á hora de definir o contorno de protección máis axeitado:

- As vistas: a localización do ben proporciona unha ampla panorámica visual do contorno e, consecuentemente, o convento tamén pode ser contemplado desde unha zona extensa dos arredores.
- A paisaxe cultural: considérase como valor sobranceiro do contorno a paraxe natural de gran beleza ao carón do río Ulla.
- Outros bens do contorno: alértase da necesidade de controlar as actuacións no contorno da igrexa parroquial de Santa María, declarada monumento histórico-artístico nacional.

Considérase necesario incluír dentro do contorno protexido aqueles lugares directamente visualizados desde o propio ben que posúan valemto patrimonial, de xeito que as accións que sobre eles se cheguen a acometer conten co informe previo da Consellería de Cultura. Isto implica estender a protección ao outro lado do río, xa que en ambas as

marxes existe unha notoria presenza de bosque autóctono tradicional. Ademais, a permanencia neste lugar da paisaxe agraria tradicional debe ser estimada positivamente de cara á demarcación do contorno de protección. Búscase a elaboración dun contorno homoxéneo, que garante a preservación deste espazo e a súa contemplación, tanto desde o propio ben como desde os puntos de vista próximos máis frecuentes.

A proximidade entre a igrexa de Santa María de Herbón e o convento de Santo Antonio, require ampliar cara ao norte o ámbito inicialmente considerado. Así mesmo, en relación con estes bens considérase necesario incluír parte do núcleo rural pola conexión directa que ten cos dous inmobles. O resto do territorio afectado pola demarcación, desde o punto de vista de usos do solo, non sofre modificación notable pola aplicación das determinacións derivadas da súa inclusión no contorno de protección do BIC. En todo caso, parece oportuno consolidar esta situación favorable para o patrimonio usando unha ferramenta propia como é o contorno do monumento, superposto a áreas clasificadas como solo rústico. Á hora de demarcar a nivel de detalle o ámbito de protección tívose especial coidado en establecer límites obxectivamente recoñecibles. Deste xeito foi trazada a liña perimetral do contorno sobre camiños e lindes de parcelas.

